



Avaliación de variedades de millo forraxeiro en Galicia (1999-2023) Actualización 2024

Nas seguintes páxinas recompílanse os resultados dos ensaios realizados nos campos de experimentación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), correspondentes ao ano 2023, onde se avaliaron as características produtivas e nutricionais de diversas variedades de millo forraxeiro, que foron enviadas polas casas comerciais de sementes (incluíndo testemuñas).

María José Bande Castro

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), Xunta de Galicia

Galicia cultivou no ano 2023 case 74.000 hectáreas de millo forraxeiro, o 77,5 % do total estatal, destacando tanto por superficie coma por produción (cuns 2,5 millóns de toneladas), como vén sendo habitual desde hai anos.

O millo forraxeiro é un cultivo dos máis rendibles para o gandeiro, xa que é doado de ensilar e obtéñense altos rendementos. Ultimamente experimentou un grande auxe, converténdose o seu ensilado na principal fonte de enerxía para

o gando, base da ración en moitas explotacións leiteiras, xa que achega fibra de alta calidade e alta dixestibilidade, e ten un alto valor nutricional. Ao subministrarlles ás vacas en produción, ten altas taxas de inxestión e o seu impacto sobre a produción de leite é moi positivo.

As principais multinacionais produtoras de sementes de millo teñen repartidos centos de campos de ensaios por toda a xeografía galega nos que proban novas variedades, que poderán chegar ao mercado en próximas campañas. Debido á

importancia do cultivo no sector agrario e á diversidade de condicións climáticas nas que se cultiva, estas empresas traballan na mellora xenética para obter novos híbridos desde hai anos. Buscan nas variedades un elevado contido en amidón (fonte principal de enerxía) e unha elevada dixestibilidade da parte verde, que salienta por incrementos significativos do rendemento ou pola prolongación do seu verdor (*stay green*).

É importante a avaliación das variedades obtidas mediante a



▶ É IMPORTANTE A AVALIACIÓN DAS VARIEDADES OBTIDAS MEDIANTE A MELLORA XENÉTICA, XA QUE CANDO SE CULTIVAN EN GALICIA PODEN TER UNS RESULTADOS DIFERENTES AOS ACADADOS NOS PAÍSES DE ORIXE, DEBIDO Á SINGULARIDADE DAS CARACTERÍSTICAS EDAFOCLIMÁTICAS

mellora xenética, xa que cando se cultivan en Galicia poden ter uns resultados diferentes aos acadados nos países de orixe, debido á singularidade das características edafoclimáticas.

A avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro en Galicia iniciouse no ano 1999, mediante unha rede de catro campos, usando un deseño experimental de bloques ao chou con tres repeticións.

O obxectivo desta avaliación é dispor de información válida e adaptada en canto a rendemento e calidade do cultivo, o que permite aconsellar aos agricultores e gandeiros da comunidade á hora de elixir a variedade ou variedades que van sementar ao ano seguinte, que mellor se axusten ás súas necesidades.

Cada ano realízanse ensaios en campos experimentais sementados en catro localidades, situadas nas

comarcas rurais de maior produción de millo forraxeiro e abrangendo tamén zonas xeográficas distintas: 1) A Mariña Oriental (nordeste de Lugo), 2) Sarria (centro-sur de Lugo), 3) Deza (nordeste de Pontevedra) e 4) Ordes (centro da Coruña). Estes ensaios repíten-se, ano tras ano, coa inclusión de variedades novas, que substitúen aquelas que foron avaliadas polo menos durante dous anos. Así mesmo, analízanse anualmente todos os datos dispoñibles desde 1999 polo método estatístico de mínimos cadrados, incorporando os novos, de modo que cada variedade avaliada se pode comparar con todas e cada unha das restantes.

Durante a avaliación, os pasos seguidos son os seguintes: preparación concienciada da cama de sementeira, toma de mostra de solo para análise físico-química completa, cálculo da dose de fertilizante, fertilización, aplicación de fitosanitarios (insecticida e herbicida), delimitación das parcelas, sementeira manual ▶▶

Variedades maíz Xesga 2024



LID 6130C Ciclo 400 El As que completa el trío

ES ARMANDI Ciclo 500 Garantía de producción y calidad

LID 7001C Ciclo 600 Potencial y tolerancia a Cephalosporium

ES DEBUSSY Ciclo 350 El híbrido todoterreno

ES METHOD Ciclo 300 Alto grado de satisfacción campaña tras campaña

INDEM668 Ciclo 500/600 Un peldaño más hacia la producción

Tratamiento semillas: **Korit 420 FS**



DELEGACIONES

<p>MILLADOIRO Rúa Casilifeiras, nave 122-A2, 15895 Ames (A Coruña) Tel. 981 94 17 94</p>	<p>SANTA COMBA Avda. Brasil, 49, Santa Comba (A Coruña) Tel. 981 88 09 72</p>	<p>TEIXEIRO Avda de Lugo, 40, Teixeiro-Curtis (A Coruña) Tel. 981 78 94 93</p>	<p>LALÍN Rúa do Ambulatorio C, 50 baixo, Lalín (Pontevedra) Tel. 986 79 23 73</p>	<p>MUJIMENTA Polígono Ind. Par.1-4, Muimenta Cospeito (Lugo) Tel. 982 52 81 14</p>	<p>CARBALLO Avda. Finisterre, 77, Carballo (A Coruña) Tel. 981 70 14 44</p>
---	--	---	--	---	--

Visítanos en
www.xesga.net

XESGA

Con la garantía de **Lidea**
FORRAXEIRO GALICIANO



cunha densidade inicial de 180.000 plantas ha⁻¹, rareo manual para deixar 90.000 plantas ha⁻¹, e control da data de floración feminina, das alturas e da produción de cada variedade en cada repetición.

A colleita realízase no momento en que o estado medio das mazarcas das tres repeticións acada o estado pastoso-vítreo (liña de leite a 1/3-1/2 do ápice), pois preténdese recoller cada variedade no momento óptimo recomendado para ensilar. Isto obriga a facer unha recollida progresiva e graduada das variedades durante aproximadamente un mes e medio, o que implica realizar ata tres controis semanais, demandando moita man de obra e desprazamentos aos lugares de ensaio.

As mostras de millo despois da colleita envíanse ao laboratorio onde se determina o contido en materia seca en estufa, e o seu valor nutritivo mediante a recollida de espectros no NIRS (Espectrofotómetro de Reflectancia no Infravermello Próximo).

Os resultados obtidos publícanse anualmente nun díptico informativo, que se distribúe entre cooperativas agrarias e agricultores individuais a través das oficinas agrarias comarcais, e tamén está dispoñible na páxina web: <http://www.ciam.gal>.

É moi importante elixir ben a variedade que se vai sementar, dados os elevados custos que supón a súa sementeira, ao redor de 1.100 euros por hectárea.

RESULTADOS

Nas seguintes táboas expónse a información necesaria para unha boa escolla da variedade a usar, en función das condicións de cada gandeiro para cada sementeira; pódese dar o caso de que un mesmo gandeiro pode elixir distintas variedades para diferentes parcelas.

Os resultados aparecen divididos en dúas táboas: táboa 1, na que se atopan as variedades que polo menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e a táboa 2, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede, polo que os resultados se consideran provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada. ▶▶

Distribuidor de Semillas RAGT para Galicia y Asturias

Venta de semillas de maíz, sorgo, girasol, colza, soja, trigo, veza...

Polígono Lalín 2000
Ciudad del Transporte - nave A3
36500 LALÍN (Po)

gilangel@hotmail.es
Tel.: 670 535 636

Ángel Gil
Sembrando y Alimentando
El Futuro
tel: 670 535 636

MAÍZ SILO



Clic aquí para
descargar el catálogo



RGT ELARAXX

RGT MEXXPLEDE

RGT HUXXO

RGT DRAGSTER

RGT LIPEXX *NOVEDAD*

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación

VARIIDADE	DÍAS S-C	ALTURA	ESPIGA	RMS	RMOD	IP	DMO	PB	ANOS	COMERCIAL
	(días)	(cm)	(% MS)	(t/ha)	(t/ha)		(%)	(% MS)		
CODIBLUES	115	281	49,0	22,2	15,3	114	71,8	6,4	3	BATLLE
BARCELOS	116	266	50,9	19,7	13,9	103	73,1	6,9	2	PROCASE
BOND	116	294	49,5	22,4	15,4	115	71,1	6,2	2	LIDEA
KOMPETENS	116	260	55,0	20,0	14,0	104	72,4	6,6	2	KWS
LG 31.388	117	267	47,3	21,8	15,4	115	73,7	6,5	2	LG
SUBMARINE	118	273	52,9	21,9	15,7	117	74,6	6,2	2	LIDEA
GRIZZLY	118	274	53,5	21,2	15,1	112	73,9	6,8	2	AGROMUNDO
DKC 3390	119	275	53,2	19,9	13,9	104	72,7	7,1	2	MONSANTO
MALTON	119	255	55,6	17,4	12,0	90	71,9	7,2	2	BATLLE
OTIS	119	266	48,3	19,3	13,5	101	73,2	6,8	2	BATLLE
VOLOS	119	281	50,7	22,5	15,6	117	72,2	6,3	2	FITÓ
ALANO	120	269	44,1	19,6	13,5	101	71,8	6,1	2	PROCASE
ARECIBO	120	268	50,2	20,3	14,0	105	72,0	6,9	2	PROCASE-DFV
BOMBASTIC	120	272	53,5	21,3	14,5	108	70,9	6,9	2	LIDEA
LG 31.276	120	286	49,3	22,8	15,9	118	72,6	6,1	2	LG
MAS 40.F	120	295	46,6	25,9	17,8	133	71,6	5,9	2	MAS Seeds
PHARAON	120	247	52,6	18,6	12,6	94	70,9	6,8	6	ADVANTA
QUATRO	120	268	51,8	21,0	14,5	108	72,0	6,6	3	BATLLE
DARIDOR	121	268	50,2	19,2	13,5	101	72,9	6,6	2	BATLLE
FENELON	121	279	50,2	22,3	15,9	118	73,9	6,6	2	WAM
MEXICANA	121	267	51,4	20,0	14,1	105	73,0	6,8	2	PANAM
WATSON	121	285	50,4	23,0	16,2	121	73,3	6,7	2	LIDEA
DKC 4071	122	284	49,1	24,2	17,0	127	73,1	6,2	2	MONSANTO
FORVIA	122	271	51,9	20,8	14,2	106	70,9	6,8	2	BLUE Semences
LUCAM	122	253	54,8	19,8	13,8	103	72,6	6,8	2	EUROARESPA SL
POMPEO	122	268	50,4	22,7	15,7	117	72,1	6,4	2	ROCALBA
BC 306	123	269	46,6	21,1	14,5	108	71,5	6,7	2	BC
METHOD	123	295	49,6	22,1	15,1	113	71,2	6,3	2	LIDEA
FORTIM	123	276	51,3	20,3	13,9	104	71,5	6,8	2	EUROARESPA SL
IZABAL	123	282	49,7	21,4	14,7	110	71,1	6,8	2	PANAM
KIDEMOS	123	265	51,3	21,4	15,1	113	73,3	6,2	3	KWS
KWS ADAPTICO	123	307	46,3	23,4	16,2	121	71,9	5,6	2	KWS
LG 31.277	123	280	49,0	23,9	17,0	127	73,6	5,8	2	LG
MAS 431.B	123	292	50,7	24,6	16,7	125	70,7	5,8	2	MAS Seeds
TALINA	123	274	52,5	20,4	14,3	107	72,7	6,8	2	AGROMUNDO
DKC 4117	124	265	52,0	21,1	14,9	111	73,2	6,6	2	MONSANTO
FACINA	124	290	50,8	25,1	17,6	131	72,7	6,1	2	CAUSSADE Semillas
LG 31.295	124	266	46,8	23,3	16,6	124	74,3	6,3	2	LG
LIVORNO	124	288	48,2	22,2	15,4	115	72,1	6,3	2	FITÓ
PITCH	124	292	50,9	22,4	15,4	115	71,8	6,3	2	WAM
PIXARI	124	276	48,4	22,6	15,8	118	72,8	5,9	2	CAUSSADE
CONBRIO	125	264	50,3	22,7	15,7	117	71,8	7,0	2	ROCALBA
SIMPATICO KWS	125	291	51,2	23,7	16,5	123	72,2	6,4	2	KWS
SY MINERVA	125	272	50,3	22,4	15,8	118	73,4	6,2	2	SYNGENTA
SYZEPHIR	125	276	49,3	22,4	15,5	115	71,5	6,6	2	SYNGENTA
B 3316 C	126	284	51,0	23,0	16,0	120	72,4	6,1	2	PROCASE
BENICIA	126	282	52,8	21,1	14,0	105	69,4	6,1	5	PIONEER
CHAMBERI	126	278	50,2	23,9	16,7	125	72,9	6,7	2	AGROEUME
DEL RÍO	126	266	52,7	20,5	14,3	106	72,7	6,8	2	PROCASE
DKC 4114	126	267	54,2	21,1	14,5	108	71,7	6,4	2	MONSANTO
GLORIFI	126	279	50,1	22,3	15,5	116	72,5	6,3	2	CAUSSADE
MT-MOLOSS	126	286	45,8	22,6	15,5	116	71,3	6,5	2	PANAM
RGT LIPEXX	126	269	50,2	23,2	16,1	120	72,0	6,3	2	RAGT
SY ORPHEUS	126	287	49,9	22,6	15,3	114	71,4	6,1	2	SYNGENTA
MAS 400.D	127	282	47,9	24,5	17,0	127	72,5	5,9	3	MAS Seeds
RGT CONEXION	127	282	50,2	22,8	15,8	118	72,0	6,4	2	RAGT
SY INFINITE	127	281	48,3	24,1	16,8	125	72,6	6,0	3	KOIPESOL
AGROSTAR	128	284	50,2	21,6	14,3	107	68,9	6,7	4	LIDEA
DEVICE	128	267	47,7	23,2	16,2	121	72,9	6,0	2	SOUFFLET Seeds
DKC 4621	128	278	50,5	24,3	17,2	128	73,8	6,1	3	MONSANTO
FILAE	128	277	47,0	23,9	16,9	126	73,7	5,7	2	SOUFFLET Seeds
ICARE	128	273	51,4	23,6	16,5	123	72,6	6,1	2	SOUFFLET Seeds
JOURNEY	128	287	48,5	23,7	16,4	122	72,1	6,1	2	ADVANTA
MARCELLO	128	271	53,3	20,6	14,1	105	71,2	6,7	2	KWS
RGT EXEMPLAIR	128	278	47,3	22,9	15,9	119	72,6	5,9	2	RAGT

VARIIDADE	DÍAS S-C	ALTURA	ESPIGA	RMS	RMOD	IP	DMO	PB	ANOS	COMERCIAL
	(días)	(cm)	(% MS)	(t/ha)	(t/ha)		(%)	(% MS)		
SIRICUS	128	270	48,9	21,1	14,7	109	72,4	6,3	2	AGROMUNDO
INVADOR	129	278	51,3	23,6	16,5	123	72,9	6,0	2	ADVANTA
KANU	129	279	52,2	21,4	14,4	107	70,2	6,5	2	BC
SY SOLANDRI	129	278	51,1	22,8	15,7	117	71,8	6,1	2	KOIPESOL
ZP 299	129	269	50,0	24,0	16,8	126	73,4	6,6	2	WAM
BC 418 B	130	285	48,0	23,0	15,9	119	72,1	6,3	2	BC
CLARICA	130	264	54,7	19,6	13,2	98	70,9	6,6	5	PIONEER
ELZEA	130	281	54,0	19,3	13,0	97	70,2	6,4	2	PANAM
LG 31.455	130	265	49,2	23,7	16,6	124	73,1	6,2	2	LG
MANACOR	130	280	51,6	21,6	14,7	110	71,0	6,4	3	FITÓ
PESCALI	130	276	48,8	23,7	16,6	124	73,0	5,8	2	CAUSSADE
ANADON	131	268	48,3	22,6	15,7	117	72,6	6,4	2	PROCASE
DS 1357 E	131	314	48,9	25,4	17,7	132	72,6	6,7	2	PROCASE
DS 1879D	131	285	50,8	25,2	17,7	132	73,1	6,3	2	PROCASE Select
MARTELI	131	271	49,5	21,8	15,1	113	72,1	6,0	2	CAUSSADE
RGT DARKNESS	131	269	50,5	22,6	15,7	117	72,5	5,9	2	RAGT
RULEXX	131	277	53,0	23,3	16,1	120	72,0	6,5	2	RAGT
WAMGAL	131	298	50,6	23,3	15,5	116	69,2	5,8	2	WAM
BC 406	132	279	51,1	23,4	16,1	120	71,5	6,8	2	BC
DKC 4608	132	275	53,8	21,8	15,2	113	72,5	6,0	2	MONSANTO
DS 0747	132	275	50,6	21,3	14,9	112	73,4	6,6	2	PROCASE
DS 1592	132	296	49,6	26,6	18,5	138	72,5	6,1	2	PROCASE-DFV
DEBUSSY	132	273	49,0	24,5	17,2	129	73,3	5,9	2	LIDEA
LG 30.444	132	286	52,1	23,8	16,7	125	73,3	6,3	2	LG
DA SCIPIO	133	275	52,3	21,4	14,9	111	72,4	6,4	2	PROCASE
ZOOM	133	286	49,0	23,8	16,7	124	72,6	5,7	2	LIDEA
HOTSPOT	133	264	54,1	24,1	17,1	128	73,8	6,1	2	SOUFFLET Seeds

Trichoderma Asperellum
FUNGICIDA BIOLÓGICO CONCENTRADO DE ORIGEN NATURAL
EFICAZ Y EFICIENTE PARA PROTEGER LOS CULTIVOS
 Polvo mojable (WP) mínimo 1x10¹² CFU x Kg.

Sementes Galegas
 WAM

SEMENTES TRATADAS CON REDIGO + BIOESTIMULANTE, NANO GRO
Eficacia frente a sequía e patóxenos

WAMESTRADA S.L.L. Zona industrial de Toedo.
 36680 A Estrada Pontevedra
 Telf. 986572445 info@semillaswam.com
www.semillaswam.com

VARIEDADE	DÍAS S-C	ALTURA (cm)	ESPIGA (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	ANOS	COMERCIAL
	(días)									
SY BILBAO	133	292	46,9	24,5	17,4	130	73,9	6,4	2	SYNGENTA
AAPOTHEOZ	134	292	51,5	23,6	16,7	125	73,7	5,9	2	ADVANTA
KWS INTELIGENS	134	290	48,4	25,0	17,5	130	72,9	6,3	2	KWS
KWS SELECTO	134	294	49,1	25,6	17,6	132	71,9	6,2	2	KWS
NS 3022	134	281	51,0	23,5	15,9	119	70,7	6,3	2	WAM
ANAKIN	135	292	49,6	25,0	17,6	131	72,9	5,8	2	LIDEA
HORNET	135	299	50,3	24,3	17,0	127	72,3	6,0	2	LIDEA
INDEM 668	135	284	50,6	25,7	17,7	132	71,9	6,3	2	LIDEA
QUERCI	135	275	51,4	23,1	16,3	122	73,5	6,0	2	CAUSSADE
SANDRO	135	306	49,7	25,6	18,2	136	73,6	6,4	2	KOIPESOL
URBANIX	135	277	52,2	24,4	17,1	128	73,1	6,0	2	RAGT
BC 415	136	277	48,4	23,4	16,0	120	71,4	6,5	2	BC
BERLIOZ	136	285	49,0	27,4	19,0	142	71,8	6,2	2	LIDEA
DS 1609 E	136	283	49,5	22,7	15,9	119	72,8	6,0	2	PROCASE
LG 30.369	136	257	52,5	21,2	15,0	112	73,7	6,4	3	LG
SY SENKO	136	287	48,4	22,6	15,8	118	72,7	5,8	3	KOIPESOL
BC 525	137	274	47,3	22,9	15,8	118	72,1	6,3	2	BC
MAJSTOR	137	282	49,3	23,3	16,1	120	72,0	6,2	2	BC
NS 3023	137	286	50,0	23,2	15,8	118	70,9	6,2	2	WAM
FREEMAN	138	281	49,4	25,1	17,5	130	72,6	6,1	3	MAS Seeds
SY ARNOLD	138	277	50,6	22,5	15,4	115	71,2	6,1	2	SYNGENTA
EPIKUR	139	273	50,9	25,4	18,1	135	74,0	5,8	2	LIDEA
EXPERTIZE	140	273	50,4	26,1	18,4	137	73,2	5,8	2	CAUSSADE Semences Pro
DS 1916 E	141	287	50,6	24,8	17,3	129	72,9	6,2	2	PROCASE
LG 31.390	142	296	49,8	24,1	17,0	127	73,2	6,2	2	LG
ELDORA	144	292	48,3	22,6	15,1	113	69,8	6,6	2	PANAM

CV(%)	3,2	4,1	6,3	8,4	9,1		1,9	5,8
DMS(5%)	5	13	3,6	2,0	1,5	11	1,5	0,4

Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación

VARIEDADE	DÍAS S-C	ALTURA (cm)	ESPIGA (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	COMERCIAL
	(días)								
B 2218	118	262	56,7	22,5	16,2	121	74,4	6,0	Procasa Select
DMS 2510	118	292	50,1	22,1	15,4	115	72,6	6,5	WAM
FESTIVIO	118	284	54,7	23,4	16,6	124	73,4	6,2	CAUSSADE Semillas
KWS SHAKO	118	301	47,4	24,8	17,7	132	73,6	5,9	KWS
ROSALEEN	120	309	43,9	24,8	17,3	129	72,3	5,9	ADVANTA
SYTORINO	128	257	56,6	25,5	18,0	134	73,3	5,7	SYNGENTA
AGRAM	129	290	49,1	23,1	15,7	117	71,1	6,0	BC
BRV 2604 D	131	262	56,3	23,4	16,5	123	73,1	6,3	PROCASE
FABIO	131	276	51,0	23,3	16,0	119	71,5	6,1	KOIPESOL
KWS SANTO	131	284	54,7	23,4	16,5	123	72,9	6,0	KWS
LDZ 22508	131	253	48,4	24,0	16,6	124	72,2	6,0	LIDEA
TRADUXIO	131	278	48,2	24,8	17,4	130	72,7	5,7	CAUSSADE Semillas

CV(%)	3,2	4,1	6,3	8,4	9,1		1,9	5,8
DMS(5%)	5	13	3,6	2,0	1,5	11	1,5	0,4

Débase ter en conta que os datos de rendemento serven para comparar unhas variedades con outras, pero non son aplicables para estimar a produción real. Os resultados presentados obtivéronse en condicións óptimas de coidados de cultivo, en pequenas parcelas experimentais, polo que os rendementos obtidos son moi superiores aos que se poden obter nunha parcela real de cultivo. ►►

Lidea

FRESH IDEAS FOR AGRICULTURE

LA INNOVACIÓN EN MAÍZ



LID 7001C

CICLO LARGO



BERLIOZ

CICLO MEDIO

**Nº1 Millo forraxeiro
CIAM-MABEGONDO 2024**



Nº1 SERIDA
(Asturias, zona
costa occidental)



LID 6130C

CICLO MEDIO



LID 4111C

CICLO CORTO

EL MAÍZ QUE QUIEREN TUS VACAS

CACTUS
YOUR BEST WATER EFFICIENT VARIETIES
by Lidea



LID 2888C

CICLO CORTO

UN CICLO CORTO MUY SEGURO



MÁS INFORMACIÓN



CACTUS
YOUR BEST WATER EFFICIENT VARIETIES
by Lidea

CACTUS identifica a los híbridos
más eficientes en el uso del agua.

► DÉBESE TER EN CONTA QUE OS DATOS DE RENDEMENTO SERVEN PARA COMPARAR UNHAS VARIETADES CON OUTRAS, PERO NON SON APLICABLES PARA ESTIMAR A PRODUCCIÓN REAL

INTERPRETACIÓN DAS TÁBOAS

Días s-c. Este valor é un índice do ciclo ou precocidade de maduración, é dicir, os días que transcorren entre a sementeira e a colleita para ensilar na zona máis fría das estudadas, que é a comarca de Ordes, é dicir, con menor integral térmica. Nas zonas con maior integral térmica, temperaturas máis altas no verán, débense restar uns 15 días á cifra da táboa.

Altura. Altura total da planta. Unha variedade de elevada altura pode ter maior probabilidade de encamar, sobre todo nunha zona de fortes ventos.

Espiga. Porcentaxe que representa a mazaroca (carozo+gran) sobre o rendemento en materia seca, compoñente moi relacionado coa calidade nutricional da forraxe.

RMS. Expresa rendemento total da planta enteira en toneladas de materia seca por hectárea.

RMOD. Rendemento da planta enteira en toneladas de materia orgánica dixestible por hectárea. Considérase o dato máis importante para avaliar o rendemento dunha variedade, xa que recolle a **producción de alimento aproveitable polo animal**, é dicir, a parte da materia seca que o animal dixire efectivamente.

IP. Índice produtivo. É a porcentaxe que representa o rendemento de cada variedade en materia orgánica dixestible sobre a media do rendemento das testemuñas “Agrostar”, “Clarica” e “Pharaon” (13,3 t/ha MOD), ao que se lle outorga o valor 100 para cada campaña. Este permite de xeito rápido ver aquelas variedades que superan a media das testemuñas, facilitando a selección das variedades máis produtivas.

DMO. Dixestibilidade in vitro da materia orgánica. Ademais da produción de materia orgánica dixestible por hectárea, é importante a dixestibilidade da ración, dado que inflúe noutros parámetros da alimentación, pois dúas variedades poden ter un similar RMOD, ben debido a unha alta produción de materia seca por hectárea cunha baixa dixestibilidade, ben debido a unha menor produción de materia seca cunha dixestibilidade maior, polo que non son equivalentes ambas as dúas producións.

PB. Proteína bruta, en porcentaxe sobre o rendemento en materia seca, determinada polo NIRS. Aínda que o millo non achega todo o contido proteico necesario para unha ración, hai diferenzas significativas entre as variedades estudadas.

Anos. N.º de anos nos que a variedade foi ensaiada.

Comercial. Entidade comercializadora da variedade.

CV (%). Coeficiente de variación. É un índice da calidade estatística dos experimentos. Canto máis baixo, mellor.

DMS (5 %). Diferenza mínima significativa. É a menor diferenza que debe haber entre dúas variedades para que poidan considerarse diferentes cunha probabilidade do 95 %.

ELECCIÓN DA VARIEDADE

Non existe a mellor variedade en sentido absoluto. Débese sementar unha variedade que posúa as características máis axeitadas e tamén que sexa capaz de dar a máxima produción en MOD e calidade nas condicións de cada explotación.



▶ A COLLEITA REALÍZASE NO MOMENTO EN QUE O ESTADO MEDIO DAS MAZAROCAS DAS TRES REPETICIÓNS ACADA O ESTADO PASTOSO-VÍTREO (LIÑA DE LEITE A 1/3-1/2 DO ÁPICE), POIS PRETÉNDESE RECOLLER CADA VARIEDADE NO MOMENTO ÓPTIMO RECOMENDADO PARA ENSILAR

O máis importante para a correcta elección da variedade é axustar o ciclo do millo á zona e ó momento da sementeira, é dicir, definir os **días transcorridos entre a sementeira e a colleita (días s-c)**. Isto virá dado pola data na que queiramos sementar, condicións climáticas da zona xeográfica onde se

desenvolva o cultivo, alternativa forraxeira, condicións da explotación e data prevista de colleita.

Unha vez coñecido o intervalo de precocidade (días s-c) que se pode utilizar na explotación, e dado que o obxectivo será obter o maior rendemento de alimento aproveitable por unidade de superficie,

escolleremos aquela variedade con maior IP. No caso de IP moi semellantes, deberemos atender outros parámetros, como poden ser a porcentaxe de mazaroca ou a dixestibilidade da materia orgánica ou proteína bruta.

REDE DE ENSAIOS EN COLABORACIÓN

- Departamento de Investigación e Transferencia (Agacal)
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Agacal)
- Servizo de Sanidade e Producción Vexetal

AGRADECEMENTOS

Agradéceselles a súa dedicación e apoio aos propietarios das parcelas nas que se levan a cabo os ensaios e, aos técnicos, a axuda e contribución no desenvolvemento deste traballo (persoal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo, do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo e do Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal de Santiago). ■

Tu Genética

PORTFOLIO

- > **Osiko**. Ciclo 500 **NOVEDAD**
- > **Kalabre**. Ciclo 400
- > **Traduxio**. Ciclo 300 **NOVEDAD**
MABEGONDO 2024 (GALICIA)
RMS (T/Ha): 24,8. IP: 130
Espiga (%MS): 48,2
- > **Facina**. Ciclo 200
MABEGONDO 2023 (GALICIA)
RMS (T/Ha): 24,1. IP: 125
Espiga (%MS): 51,8



Polígono Industrial Onzonilla. C/ Valle del Silencio.
Parcela 27 • 24009 León • Telf.: 987 24 76 08 • 639 832 547 • 671 013 625